

INFORMACIÓN AOS MEDIOS**AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA HOXE, VENRES, 10 DE XULLO DE 2026****PRESIDENCIA****MADRID**

12,00 h.- O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, participará no acto de firma do convenio e na presentación de Galicia como Capital Iberoamericana de Gastronomía Saudable.

TURISMO DE GALICIA**OURENSE**

11,30 h O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, participará na presentación do programa da iniciativa *Cine nos Camiños*.

SAN AMARO (Ourense)

13,00 h O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, participará na xornada de balance das actuacións realizadas no Plan de Sostibilidade Turística en Destino Ribeiro Carballiño.

SAN LORENZO DEL ESCORIAL (Madrid)

12,00 h O comisario do Xacobeo 2027, Marcos Gómez Román, clausurará o curso de verán *A hospitalidade nas vías de peregrinación a Santiago de Compostela* no marco da programación dos cursos de verán do Real Centro Universitario Escorial María Cristina.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA**PONTECESO (A Coruña)**

10,00 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, visitará a gandería de vacas cachenas de Marcos Antonio Rial Costa para informar da orde de axudas para fomentar a recría de razas autóctonas ameazadas.

A CORUÑA

12,00 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, recibirá aos 20 bombeiros forestais de Bulgaria que participan no programa de Preposicionamento Europeo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CARBALLO (A Coruña)

13,00 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, participará na inauguración do obradoiro de emprego *Lubiáns II* de Carballo e Coristanco.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

17,00 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, visitará o recinto do *Gozo Festival*.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE FERROL

FERROL

10,30 h.- A delegada territorial de Ferrol, Martina Aneiros, visitará a nova tenda de Moda RE promovida por Cáritas Diocesana.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

LUGO

11,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, participará na inauguración da exposición *Arde Lucus. 25 anos de festa. 2000 anos de historia*.

RIBADEO (Lugo)

19,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, asistirá ao pregón do *XI Ribadeo Indiano*.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE OURENSE

O PEREIRO DE AGUIAR (Ourense)

10,30.- O delegado territorial da Xunta de Galicia en Ourense, Manuel Pardo, visitará aos participantes no programa concilia dentro do Plan Corresponsables.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

VILAGARCÍA DE AROUSA (Pontevedra)

12,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, visitará o Obradoiro Dual de Emprego *Forme 2026*.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE VIGO

VIGO

19,30 h.- A delegada territorial da Xunta de Galicia en Vigo, Ana Ortiz, asistirá aos actos do día da Virxe do Carme.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

A CORUÑA

09,30 h.- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, e o presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), Ignacio Picatoste, presidirán a reunión da Comisión Mixta de Xustiza.

13,00 h.- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, acompañado da delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, recibirá ao equipo da asociación Busca e Rescate Integral de Emerxencias de Galicia (Briegal) coordinado pola Xunta que participou nas tarefas de busca tras os terremotos en Venezuela.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

PADRÓN (A Coruña)

11,00 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, visitará os traballos de conservación fluvial que se levan a cabo nas canles afectadas polo incendio forestal do mes de xuño.

TEO (A Coruña)

12,30 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, asinará convenios coas entidades colaboradoras de pesca de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

OURENSE

- 09,15 h.-** A directora xeral de FP, Eugenia Pérez, participará na inauguración do curso de formación de alta especialización *Visión artificial 3D Pickit*.
- 11,00 h.-** A directora xeral de FP, Eugenia Pérez, visitará a aula de tecnoloxía aplicada do Instituto Universidade Laboral.

VIGO

- 11,40 h.-** A directora da Axencia Galega de Innovación, Carmen Cotelo, participará na mesa redonda *Innovación e competitividade: como escalan as empresas galegas* no marco da xornada *Conectar Galicia para competir: IA, ciberseguridade e redes intelixentes* organizado por Prensa Ibérica.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

SANTIAGO DE COMPOSTELA

- 20,00 h.-** A conselleira de Política Social e Igualdade, **Fabiola García**, asistirá ao II cóctel da gala de Radio Líder.

LALÍN (Pontevedra)

- 10,00 h.-** A directora xeral de Promoción da Igualdade, Eloína Ingerto, participará na clausura do curso de verán *XXI Novas fronteiras na igualdade de oportunidades 2.0* da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

A LAMA (Pontevedra)

- 18,30 h.-** O director xeral de Maiores e Atención Socio sanitaria, Antón Acevedo, acudirá á *I Feira de Benestar, Lecer e Emprego*.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

- 14,00 h.-** A conselleira de Economía e Industria, **María Jesús Lorenzana**, clausurará o II Foro de Innovación e Emprendemento.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

VIGO

10,30 h.- O conselleiro de Facenda e Administración Pública, **Miguel Corgos**, acompañado pola delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, inaugurará o foro *Conectar Galicia para competir*.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

09,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, presidirá o Consello de Administración da Sociedade de Vivenda de Galicia (Vipugal).

FERROL

11,30 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, dará conta da licitación das obras de novas vivendas públicas no Bertón. A continuación, a conselleira visitará as obras de vivendas públicas que a Xunta executa nas parcelas 1 e 2 de Bertón.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

SAN LÁZARO

10,15 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, fará **declaracións aos medios** antes de participar, de xeito telemático, no Pleno do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

SILLEDA (Pontevedra)

11,30 h.- O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, acompañado polo delegado territorial da Xunta, Pablo Fernández, e a directora xeral de Xuventude, Lara Meneses, visitará o campamento Fervenzaventura, do programa *Modo Verán Activo*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

18,00 h.- O secretario xeral da Lingua, Valentín García, participará na mesa redonda *As asociacións bandísticas como axentes de promoción e difusión musical*.

LUGO

19,00 h.- O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, participará na inauguración da exposición *回家(huí jiā (Volver á casa)*, de Yun Ping Li.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

TABOADA (Lugo)

14,15 h.- A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, participará na xornada de convivencia da cooperativa Aira.

PANTÓN (Lugo)

19,00 h.- A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, acompañada polo director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, participará na entrega de premios da *XXX Cata dos viños da Ribeira Sacra*.

ABEGONDO (A Coruña)

11,30 h.- O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, asistirá á poxa pública de 44 exemplares de raza Rubia Galega criados no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MAR

CIDADE DA CULTURA

09,30 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, acompañada polo secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Manuel Vila, inaugurará o encontro *O futuro dos comedores escolares: alimentación, saúde e sustentabilidade*.

Posteriormente, **ás 13,00 h.**, o director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, Isaac Rosón, e o director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, participarán na mesa redonda *Estratexias para impulsar o consumo de peixe e alimentos de calidade diferenciada*.

VIGO

12,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, acompañada pola delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, inaugurará a VII Edición do *Festival ARVI do Peixe- Vigo Sea Fest*.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

11,00 h.- A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Ángeles V. Suárez, reunirse con representantes da Confraría de Vilanova de Arousa.

12,00 h.- O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, Isaac Rosón, participará na presentación da XXXIV edición *da Festa do Percebe do Roncudo*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA